

Etapas históricas da literatura galega
A lingua e literatura na Idade Media I**Exercicios de autoavaliación I**

1. Explica por que reciben o nome de "cantiga" os poemas galego-portugueses.
2. Distingue entre *trobador*, *xograr* e *segrel*.
3. Cita e describe os tres cancioneros máis destacables.
4. Que é o refrán?
5. Establece as datas de comezo e remate da escola lírica galego-portuguesa con exactitude.
6. Que é a "palabra volta"?
7. Explica brevemente que é a lírica provenzal.
8. Comenta cales eran os "entretementos" da nobreza na Idade Media.
9. Redacta un texto, de aproximadamente dez liñas, sobre as etapas históricas da literatura galega
10. Explica coas túas palabras en que consiste a louvanza da dama e a coita de amor.
11. Comentario de texto:

*Quer'eu em maneira de proençal
fazer agora um cantar d'amor,
e querei muit'i loar mha senhor
a que prez nem fermosura nom fal,
nem bondade; e mais vos direi em:
tanto a fez Deus comprida de bem
que mais que todas las do mundo val.*

*Ca mha senhor quizo Deus fazer tal,
quando a fez, que a fez sabedor
de todo bem e de mui gram valor,
e com tod' esto é mui comunal
alí u deve; er deu-lhi bom sem,
e desi nom lhi fez pouco de bem
quando nom quis que lh' outra foss' igual.*

*Ca em mha senhor nunca Deus pos mal,
mais pos i prez e bedad' e loor
e falar mui bem, e riir melhor
que outra molher; desí é leal
muit', e por esto nom sei oj' eu quem
possa compridamente no seu bem
falar, ca nom a, tra-lo seu bem, al.*

Don Denís

a. Caracterización e identificación do texto:

- Comenta os trazos máis salientables da lingua do texto
- Indica o xénero ao que pertence a Cantiga e o seu tema

b. Estrutura e técnicas literarias:

- Recursos literarios: cobras unissonans, mestría,...

– Como describe o trobador a súa dama?

c. Valoración e xuízo crítico:

- Comenta quen era o rei trobador Don Denís.
- Expresa a túa opinión sobre a cantiga.

Solucións:

1. Reciben este nome porque eran poemas destinados a seren cantados polos xogares.
2. O **trobador** adoitaba ser nobre ou cabaleiro, compoñía pero non cantaba habitualmente as súas composicións nin vivía da literatura. O **segrel** compoñía e cantaba poemas e vivía da literatura. O **xograr** habitualmente non compoñía e vivía de cantar os poemas compostos polos trobadores.
3. **Cancioneiro da Ajuda**, conservado no pazo real da Ajuda, Lisboa, compilado a finais do XIII e que contén 310 cantigas de amor. **Cancioneiro da Vaticana**, conservado na Biblioteca do Vaticano. Foi copiado dun cancionero portugués, hoxe perdido, en Italia no século XVI por orde do humanista Angelo Colocci. Contén 1205 cantigas dos tres xéneros atribuídas a máis de cen autores. **Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa**: copiado tamén no século XVI en Italia por orde de Colocci. Hoxe consérvase na Biblioteca Nacional de Lisboa, tras adquirilo o goberno portugués en 1924. Contén 1647 composicións dos tres xéneros e unha incompleta *Arte de trovar*.
4. Verso ou versos que se repiten periodicamente no remate de cada estrofa ou cada certo número de versos.
5. 1196, data de composición, segundo as alusións aos saqueos de Sancho IV de Navarra en territorio de Aragón, da que se considera primeira cantiga *Ora faz ost' o senhor de Navarra*, do trobador Johan Soarez de Pavia. A morte de D. Pedro, conde de Barcelos, 1354, considérase a fin da escola.
6. Repetición dunha palabra en posición de rima na mesma estrofa ou en estrofas diferentes de forma asimétrica.
7. Lírica fundamentalmente amorosa desenvolvida na Provenza do século XII, no sur de Francia, terra daquela en paz e cun bo desenvolvemento económico que propicia a creación cultural. A muller é tratada como un ser perfecto física e espiritualmente, o trobador gaba e serve a esta señora coma se fose un señor feudal, a paixón amorosa aparece nunha natureza primaveral. Tamén había poemas satíricos: os sirventés.
8. Os torneos, a caza, o xadrez e tamén as festas cortesás en que se comía, cantaba, bailaba e se interpretaban cantigas por parte dos xogares e segreis e ás veces tamén por trobadores que estaban dotados para o canto.
9. Exemplo de resposta correcta: A literatura é un produto cultural e social que está directamente relacionado coa época na que se produce. Non podemos comprender o feito literario se non temos tamén en conta as circunstancias políticas, económicas, sociais e culturais do momento. Partindo desta idea, imos facer un pequeno achegamento inicial á literatura galega a través do tempo, tendo en conta as seguintes grandes etapas históricas:
 - A Idade Media (Séculos XIII, XIV e XV)
 - Os Séculos Escuros (Séculos XVI, XVII, XVIII)
 - O Rexurdimento (Século XIX)
 - O Século XX: Pregarra (ata o ano 1936), posguerra e ditadura (de 1936 a

1975), etapa actual (de 1975 á actualidade)

10. Louvanza da dama.- O eloxio da dama segue dúas direccións:

- A beleza física da senhor: normalmente é unha cualificación estética abstracta e indeterminada (fremosa senhor, bom parecer...)
- A beleza moral da senhor: en moitas ocasións unida ás calidades físicas da dama (ben falar, siso, creto, medida, doxura...)

A coita de amor: a coita de amor fai morrer ó pobre namorado; a nosa cantiga impresiona polo que ten de triste e de fatal, a norma era cantar un amor infeliz, non compartido.

11. Comentario de texto

Son versos de dez sílabas con rima consonante, ABBACCA. Cobras unissonans. Podemos comentar os sons, as grafías ou os significados e valores de *proença, fazer, querrei, muito, mha, senhor, nem, em, fez, u, sem, lhi, quis, riir, melhor, oj', molher...* Salientamos a presenza de formas tradicionais hoxe esquecidas no uso ou mesmo desprazadas por castelanismos como *agora, fermosura, Deus, rir, hoxe*. Estamos ante unha cantiga de **amor** porque se expresa o trovador e aparece a palabra *señor*. A cantiga é unha gabanza da *senhor*; con todo, reparemos en que D. Denís destaca características non físicas, senón fundamentalmente espirituais: *bo rir, bo siso, falar ben, moi leal...* É unha cantiga de mestría porque non hai refrán; son cobras unissonans porque a rima cambia dunha estrofa a outra e nunca se repite. Por outra banda, reparemos na palabra *bem*, que aparece en posición de rima no penúltimo verso das tres estrofas. Tamén son estrofas capcaudadas porque a rima do primeiro verso de cada estrofa repite a rima do último da estrofa anterior. As estrofas II e III son capdenais porque repiten nos seus versos 1 a secuencia *ca em mha senhor*. Resaltamos que D. Denís é fillo de Afonso III o Boloñés, que antes de acceder ao trono andou desterrado por Francia: ao volver veu cheo de admiración pola cultura francesa e provenzal e púxolle ao seu fillo D. Denís mestres franceses. D. Pedro, conde de Barcelos, o derradeiro mecenas da lírica galego-portuguesa e recompilador dun cancionero do que parecen proceder os tipógrafos italianos, foi fillo bastardo do rei D. Denís.